
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/76-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA RIANXO	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ) e ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ).
<b>Ámbito do plan</b>	Autorizacións da Confraría de Rianxo (zona de a flote): Bodión a Pta. Portomouro (200.000 m <sup>2</sup> ). Bodión a Pta. Leixón (260.000 m <sup>2</sup> ). De Leixón a Río Té, e de Río Té a Pta. Fincheira (910.000 m <sup>2</sup> ). De Pta. Fincheira a Pta. Palleiro (400.000 m <sup>2</sup> ).
<b>Subzonas de explotación</b>	Praia de Argañán, Pta. Capitán, O Furado, Pta. Portomouro, Agüeiros, Figueiras, Area Basta, Cuncheiro, Iñobre, A Torre, Ostreira, Lóngaras e Portiño.

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	193	Máximo 3 por embarcación
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>						161						
<b>Época y zona probable de extracción</b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: dende embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante enrolado e a bordo/día</b>
Ameixa babosa	-	15 kg	5 kg
Ameixa fina	-	9 kg	3 kg
Ameixa xaponesa	-	15 kg	5 kg
Berberecho	-	90 kg	30 kg

<b>Artes a empregar</b>	Rastro, gancha e raño con separación de varillas de 17 mm
<b>Puntos de control</b>	Plataforma de batea.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Rianxo



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** No plan se presenta unha relación detallada de 195 embarcacións, cando conforme aos datos da Consellería son 193 as embarcacións asociadas á Confraría de Pescadores de Rianxo e con "marisqueo Z3" no seu permiso de explotación. A embarcación ..... foi retirada da actividade pesqueira, e a embarcación ..... está asociada á confraría de Ribeira, polo que ambas deben ser excluídas do plan.

De acordo coas normas de xestión incluídas no plan, o número máximo de tripulantes por embarcación con dereito a cota será de 3.

**Época de extracción:** Ao igual que no plan en vigor, a época de extracción prevista abrangue tódolos meses do ano debido á previsión de traballar os venres dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, outubro e novembro, no caso de peche dos bancos de libre marisqueo.

**Cota máxima de captura:** O seguimento da actividade extractiva dos últimos anos e os resultados das mostraxes realizadas desaconsellan acceder ao incremento proposto da cota máxima de captura de ameixa babosa con respecto ao plan en vigor, polo que queda fixada en 5 kg/tripulante/día.

**Artes:** Apróbase o emprego do rastro, gancha e raño cunha separación entre varillas de 17 mm ao ser máis restritivo que o establecido no Decreto 424/1993.



**Puntos de control:** Defínese a organización do punto de control nas zonas de extracción, no que se comprobán os despachos, se rexistra o número de tripulantes, se revisan as embarcacións e se controlan os cupos e tallas. A persoa responsable do punto de control será o vixiante da confraría, o lonxeiro e o Patrón Maior.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Traballos de semicultivo:** A organización das accións previstas de traslados, sementeiras, limpezas, acondicionamentos... non está ben definida, limitándose a indicar que os grupos e quendas de traballo serán organizados polo órgano de goberno da confraría e que participarán todos os mariscadores. A participación nestes traballos é obrigatoria para todos os integrantes do plan. A persoa responsable do control de asistencias será o Patrón Maior da confraría ou persoa na que delegue.

O desenvolvemento de accións de traslados, como regra xeral, non se pode simultanear coa extracción con fins comerciais, polo que estas accións se deben realizar en distintas datas.

**Réxime sancionador:** O plan reflicte que o incumprimento das normas dos traballos de semicultivo (limpezas, rareos, traslados...) por parte dos mariscadores dará lugar á imposición de sancións. Lembrar que primeiramente habería que incoar o oportuno expediente sancionador.

O incumprimento das normas do plan tamén poderá ser sancionado a través da Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

**Recomendacións para a mellora do plan:**

- Recoméndase maior concreción na organización dos traballos de semicultivo, deixando ben claro a obrigatoriedade ou non de participar neles.
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos previstos no desenvolvemento deste plan.